

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social do Cruceiro de Roo. Sábado, 22 de outubro de 2022

Sendo as 12:30 horas do día 22 de outubro de 2022, no local social do Cruceiro de Roo, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño (presidente), Lidia Vicente (vicepresidenta), Ramón Blanco (secretario), Enrique Vidal (tesoureiro), Vicente Abelleira (1º vogal), Xosé Dios, Mª Teresa Couto.

O presidente explica o motivo desta asemblea extraordinaria e lembra como transcorrera a substitución de Xesús Mato por Mari Carmen Cierto na Xunta Directiva.

A continuación procédese a votar a reincorporación de Xesús Mato á Xunta Directiva, no cargo de 3º vogal (representante da Comisión Mariñeira), en substitución da actual, Mari Carmen Cierto, cuxo cesamento se produce por renuncia voluntaria.

A votación resólvese con 6 votos a favor e 1 en contra, polo que se fai efectiva a reincorporación de Xesús Mato, así como o cesamento de Mari Carmen Cierto, no cargo de 3º vogal.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 12:56 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 22 de outubro de 2022.